

ESTABLECIMENTO	Prezo por persoa unha vez descontada a subvención da Deputación de Pontevedra (100,00 €)	Prezo por persoa para prazas de reserva de servizos sociais unha vez descontada a subvención da Deputación de Pontevedra (400,00 €)
GRAN TALASO HOTEL SANXENXO 4* (SANXENXO)	325 €	25,00 €
HOTEL CARLOS I SILGAR 4* (SANXENXO)	320 €	20,00 €
HOTEL SPA NORAT TORRE DO DEZA 4* (LALÍN)	260 €	0,00 €
HOTEL SPA GALATEA 4* (PORTONOVO, SANXENXO)	250 €	0,00 €
HOTEL NOVO ASTUR & SPA 3* (VILALONGA, SANXENXO)	233 €	0,00 €
BALNEARIO DE MONDARIZ 4* (MONDARIZ-BALNEARIO)	320 €	20,00 €
TALASO HOTEL LOUXO LA TOJA 4* (ILLA DA TOXA, O GROVE)	290 €	0,00 €

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Servizo de Benestar Social
Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Tel. 986 804 100

ORGANIZACIÓN TÉCNICA DE HALCÓN VIAJES

Rúa Gran Vía, 35, 36204 Vigo. Tel. 986 431 433

Máis información en www.depo.gal ou no tel. 986 804 100
ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN



PROGRAMA DE BALNEARIOS CON Pernoctación



Consulta condicións.



Deputación
Pontevedra

Halcón
viajes

SABEMOS DE
VIAJEROS

QUE OFERTA?

Unha **estancia** de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, *spa* ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra

O paquete comprende:

- **Estancia con pensión completa** (coas bebidas incluídas)
- Utilización do *spa*, **balneario** ou **talaso**, un mínimo de dúas horas diarias
- **Transporte en autocar** desde o concello de orixe ata o establecemento hostaleiro escollido e regreso
- **Guía** desde o lugar de saída e durante toda a estancia
- Tres **tratamentos** complementarios de balde
- Programa de **animación sociocultural**
- **Seguro** de viaxe



QUEN PODE PARTICIPAR

Persoas empadroadas na provincia de Pontevedra que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Ter **55 anos** ou máis
- No suposto de ter menos de 55 anos deberán acreditar alguna das seguintes circunstancias:
 - Ter recoñecido un grao de **discapacidade igual ou superior ao 65 %**
 - Ter a condición de **pensionista** polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións
 - Precisar dun **respiro familiar** (acreditado polos servizos sociais do concello)
- **Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa**, non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio
- Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma **autónoma**



PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 16 de agosto ata o 5 de setembro de 2024

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>

Os concellos adheridos como entidades colaboradoras prestarán asistencia ás persoas do seu ámbito territorial para presentar a súa solicitude



PRAZAS E RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O programa ofrece 2.127 prazas:

- **2.097 de réxime xeral:** a Deputación subvenciona 100 euros por praza
- **30 de réxime especial:** a Deputación subvenciona 400 euros por praza

*Poderán beneficiarse do réxime especial as persoas dos concellos adheridos como entidades colaboradoras que se atopen nunha situación de risco e/ou exclusión social acreditada polos servizos sociais comunitarios do seu concello de residencia

